



## INSTRUCCIÓN CONXUNTA DAS VICERREITORÍAS DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE E DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ENCOMENDA DA UDC COA SOCIEDADE XESTORA CITIC S.L. NO MARCO DAS ACCIÓNS DO CONVENIO DE I+D+i 2018.

### Antecedentes

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña (UDC) asinaron un convenio o pasado 31 de maio de 2018 para o desenvolvemento de novas accións estratéxicas de I+D+i, que se concreta en tres grandes actuacións que serán xestionadas dende a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (Actuación 1- Campus Industrial de Ferrol), a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (Actuación 2, Campus de Especialización e Actuación 3, Investimento material e inmaterial), e a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (a cal coordina, xunto coa Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, dúas accións na Actuación 3).

Dado que os centros de investigación da UDC se adscriben organicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, será esta a responsable da actuación 3.3 do dito convenio, referido ao impulso da competitividade dos centros de investigación, en particular do CITIC, Centro Singular de Investigación TIC de Galicia.

Dentro da acción 3 existe unha acción denominada “*Impulso da competitividade dos centros de investigación*” correspondente coa acción 3.3. A través desta acción se pretende dinamizar a actividade de investigación ou de transferencia dos centros de investigación nos que se atopa o centro de investigación CITIC. Dado que existen diversas accións que se van a desenvolver neste centro de investigación como a organización dun Congreso XoveTIC, seminarios e interacción e colaboración entre grupos, é aconsellable que a xestión económica deste centro poida facerse no propio centro.

### Obxecto da encomenda

Por esta razón, propónse facer unha encomenda de servizos coa **Sociedade Xestora CITIC S.L.**, medio propio da UDC, a cal está instalada no CITIC, para a xestión das actuacións incluídas na acción 3.3-as cales están financiadas con cargo ao convenio de I+D+i- e que se detallan a continuación cun maior detalle:

#### 3.3.2 Atracción e retención de talento científico:

- Organización do I Congreso XoveTIC en setembro, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Secretaría Xeral de Universidades.
- Formación transversal a Xóvenes investigadores: consistirá en módulos formativos en materias como produción científica, patentes ou carreira investigadora. Terá una parte virtual usando o Moodle da UDC, e una parte presencial consistente nunha xornada na que participarán poñentes de referencia.

#### 3.3.3 Accións de apoio ás axendas estratéxicas de investigación dos centros:

- Convocatoria interna de Proxectos Colaborativos aliñados coa Axenda Estratéxica de Investigación.

| Código Seguro De Verificación | mi4nLSJ+n7XjiT/dwIa0A==                                                                                                                         | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya Fernández                                                           | Asinado | 26/09/2018 14:15:59 |
|                               | Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico                                                             | Asinado | 26/09/2018 08:52:17 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                 | Páxina  | 1/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mi4nLSJ+n7XjiT/dwIa0A==">https://sede.udc.gal/services/validation/mi4nLSJ+n7XjiT/dwIa0A==</a> |         |                     |





### 3.3.4 Posicionamento dos centros en sectores estratéxicos:

- Cotas de asociación científicas, clústers, plataformas tecnolóxicas.

#### Tarifas de aplicación

Para o financiamento das tarefas indicadas na encomenda, a S.X.CITIC repercutirá un 5,0% do importe total da encomenda, tal e como se reflicte nas tarifas aprobadas pola UDC.

#### Duración

A presente encomenda entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018, e terá vixencia ata o 30 de novembro de 2018.

Polo tanto, a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, en coordinación coa Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade encargarán á Sociedade Xestora CITIC S.L., medio propio da Universidade da Coruña, ao amparo do artigo 32 da Lei de Contratación do Sector Público, a xestión económica das actuacións a desenvolver mencionadas nesta instrución. En concreto trátase das accións que se explicaron en detalle con anterioridade e que son acción 3.3.2 (*Atracción e retención de talento científico*), acción 3.3.3 (*Accións de apoio ás axendas estratéxicas de investigación dos centros*) e acción 3.3.4 (*Posicionamento dos centros en sectores estratéxicos*), por un importe de 56.000 € IVE engadido.

Formalizárase un documento contable ADO para poder realizar a transferencia á Sociedade Xestora conforme á cláusula cuarta da Resolución Reitoral do encargo ou encomenda de xestión.

A Coruña, 25 de setembro de 2018

Domingo Calvo Dopico

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade      Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

| Código Seguro De Verificación | mi4nLSJ+n7XjiJT/dwIa0A==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya Fernández                                                             | Asinado | 26/09/2018 14:15:59 |
|                               | Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico                                                               | Asinado | 26/09/2018 08:52:17 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mi4nLSJ+n7XjiJT/dwIa0A==">https://sede.udc.gal/services/validation/mi4nLSJ+n7XjiJT/dwIa0A==</a> |         |                     |

